B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAPB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	Exame, Traballo diario	0,83
B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	Exame, Traballo diario	0,83
B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	Exame, Traballo diario	0,83
B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MAPB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	Exame, Traballo diario	0,83

B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.	MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.	Exame, Traballo diario	0,83
B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	Exame, Traballo diario	0,83
B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.	MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	Exame, Traballo diario	0,83
	MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.	Exame, Traballo diario	0,83
B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representarlas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica, de datos numéricos ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.	MAPB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que se poden describir mediante unha relación funcional, asociando as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.	Exame, Traballo diario	2,28
	MAPB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcional inversa e exponencial.	Exame, Traballo diario	2,28
	MAPB4.1.3. Identifica, estima ou calcula elementos característicos destas funcións (cortes cos eixes, intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e	Exame, Traballo diario	2,28

	mínimos, continuidade, simetrías e periodicidade).		
	MAPB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno, a partir da análise da gráfica que o describe ou dunha táboa de valores.	Exame, Traballo diario	2,28
	MAPB4.1.5. Analiza o crecemento ou o decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media, calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.	Exame, Traballo diario	2,28
	MAPB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa e exponenciais.	Exame, Traballo diario	2,28
B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais, obtendo información sobre o seu comportamento, a súa evolución e os posibles resultados finais.	MAPB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas situacións reais.	Exame, Traballo diario	2,28
	MAPB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos, utilizando eixes e unidades axeitadas.	Exame, Traballo diario	2,28
	MAPB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica e sinala os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan, utilizando tanto lapis e papel como medios informáticos.	Exame, Traballo diario	2,28
	MAPB4.2.4. Relaciona táboas de valores e as súas gráficas correspondentes en casos sinxelos, e xustifica a decisión.	Exame, Traballo diario	2,28
	MAPB4.2.5. Utiliza con destreza elementos tecnolóxicos específicos para debuxar gráficas.	Exame, Traballo diario	2,28
B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	MAPB5.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	Exame, Traballo diario	5
	MAPB5.1.2. Formula e comproba conxecturas sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.	Exame, Traballo diario	5
	MAPB5.1.3. Emprega o vocabulario axeitado para interpretar e comentar táboas de datos, gráficos estatísticos e parámetros estatísticos.	Exame, Traballo diario	5
	MAPB5.1.4. Interpreta un estudo estatístico a partir de situacións concretas próximas.	Exame, Traballo diario	5
B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua.	Exame, Traballo diario	5
	MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo	Exame, Traballo	5

	estadístico, con variables discretas e continuas.	diario	
	MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo.	Exame, Traballo diario	5
	MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas.	Exame, Traballo diario	5
B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.	MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos.	Exame, Traballo diario	5
	MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas.	Exame, Traballo diario	5

E. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

A metodoloxía de matemáticas baséase nos principios metodolóxicos aprobados no curso 2016-17 na Concreción curricular de Centro que se recollen a continuación. É innegable que cada materia implica unha serie de orientacións metodolóxicas diferentes, derivadas do contido que pretenden transmitir, da aplicación práctica de cada unha, dos obxectivos que se busquen. Porén, o marco normativo da LOMCE si debería establecer, e así o fai, unha forma de entender a ensinanza artellada en certos piares básicos e comúns, que son os que se recollen a continuación:

1. Partir do nivel de desenrolo do alumno (socio-afectivo, persoal e cognitivo) e adaptarse aos seus ritmos de aprendizaxe. Necesidade de conectar cos seus intereses e necesidades.
2. Na mesma liña partírase dos coñecementos previos para, a partir de ahí, ir engarzando os novos contidos obxecto de aprendizaxe.
3. Daráselle prioridade a comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe puramente mecánica e memorística. Só así se poderá poñer en práctica o aprendido e transferir esa aprendizaxe á vida real.
4. Do mesmo xeito que o anterior tenderá a dársele máis importancia ao proceso que ao resultado, o que implica valorar a participación e o esforzo do alumnado aínda cando non chegue a un resultado completamente satisfactorio.
5. Fomentárase a reflexión persoal e crítica sobre todo o realizado.
6. Autonomía. O alumnado deberá ser crítico, chegando a conclusións propias e reelaborando a aprendizaxe para facer desta unha verdadeira aprendizaxe significativa e funcional.
7. Inter e intradisciplinariade. Na medida do posible as diferentes materias deben estar intimamente relacionadas entre elas.
8. O profesor deixará de ser un mero transmisor de contidos para converterse nun mediador, un guía que oriente os diferentes procesos na procura desa maior autonomía do alumnado. Trátase dunha ensinanza activa que procure a autonomía progresiva do discente ao tempo que lle da a este maior responsabilidade, deixándolle que tome decisións acordes coa súa maduración e desenvolvemento.
9. Coidar moito o aspecto socializador e de relación, tanto no gran grupo (centro) como no pequeno (aula). Un bo clima favorece unha aprendizaxe máis factible para todos.
10. Aumento gradual da complexidade dos contidos e as tarefas. Iso permitirá formular obxectivos máis accesibles con outros quizais voluntarios, de indagación para o alumnado que remate antes.
11. Contar con pluralidade de medios. Neste sentido potenciarase o uso da Aula Virtual como recurso onde ir deixando documentación para que o alumnado poida volver a traballala de xeito máis independente as veces que considere preciso.

12. Continuar ampliando o uso das novas tecnoloxías. Somos conscientes de que para o noso alumnado constitúen algo máis ca un recurso, son unha das súas formas habituais de comunicación e relación.

13. Dar á lectura unha importancia fundamental, non unicamente nas materias lingüísticas senón en todas elas, posto que, como habilidade transversal, facilita unha mellor comprensión e expresión, reduce as faltas de ortografía, aumenta a rapidez á hora de estudar...

14. Lograr esa utopía que ven sendo “aprender xogando”, unha aprendizaxe lúdica que poida ter na gamificación, as novas tecnoloxías... uns grandes aliados.

Estas consideracións xerais concrétanse nas materias nas seguintes metodoloxías:

- Traballo individual: ao longo do curso realizaranse traballos individuais. Estes traballos estarán adaptados aos diferentes niveis que se atopen na aula e terán actividades de diferentes tipos procurando así un ensino máis personalizado.
- Introducirase a gamificación na aula empregando test on-line realizados con Kahoot.
- Empregarase o pensamento visual facendo mapas visuais de todos os temas estudados ao longo do curso.
- Incidirase moito na resolución de problemas en contexto reais empregando a aprendizaxe baseada en problemas para algúns contidos.
- Emprego das TIC: na materia. Utilizaranse as TIC habitualmente do seguinte xeito:
 - Deseño de cursos virtuais: utilizarase a aula virtual do centro para colgar materiais, actividades interactivas, cuestionarios on-line, xogos e vídeos enriquecidos. En primeiro farase na plataforma EVA (Edixgal).
 - Uso de Google Drive: utilizarase para realizar os documentos compartidos entre os grupos e a aula.
 - Realización de presentacións e infografías da materia: o alumnado irá realizando presentacións e infografías onde se resuman os contidos da materia.

Ademais destas metodoloxías, botarase man a miúdo da exposición de contidos por parte do profesor/a, e a posterior realización de diferentes traballos individuais ou grupais como preguntas orais, realización de problemas, exposicións de contidos e problemas.

1º. Plan de Continxencia para o caso de corentenas ou illamentos domiciliarios por Covid-19

Diferenciamos entre posibles casos nos que se confina a aula completa e casos nos que se confina un ou varios alumnos:

Corentenas parciais ou individuais nunha aula ou grupo:

No caso en que un alumno ou varios sexan postos en corentena polas autoridades sanitarias, o alumno ou alumnos poderán seguir o ritmo da aula a través de tarefas na Aula Virtual (ou Edixgal en 1º e 2º de ESO) a través das cales poderán corrixir exercicios, seguir as explicacións e facer novos exercicios que poden mandar ao profesor coma resultado da tarefa. Estas tarefas serán avaliadas polo docente e utilizadas para valorar se o aproveitamento do traballo é satisfactorio.

A comunicación co alumno poderá complementarse na Aula Virtual con mensaxes e uso dos foros de dúbidas, así coma co correo electrónico, tendo en conta que os alumnos teñen unha conta corporativa de centro (@iesfarodaslus.com). Os exames, de coincidir con ausencias de alumnos, serán aprazados unicamente para os alumnos ausentes, sendo realizados á súa volta.

Corentenas completas de aula

No caso de corentena completa dun grupo/aula plantéxanse dúas opcións docentes. Unha primeira opción consistiría no envío de tarefas diarias por parte do profesor tal e coma se describe no apartado de corentenas parciais. Unha segunda opción sería complementar o envío das tarefas da primeira opción con clases en streaming a través de Cisco Webex, ou, no caso de que non sexa factible a conexión en streaming, a gravación de clases que podería ser accesible a través da Aula Virtual (ou Edixgal, para 1º e 2º).

F. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Nesta materia non se empregará libro de texto. Os materiais e recursos didácticos que se van utilizar son:

- Fichas de exercicios elaboradas polo profesorado da materia.
- Cursos virtuais elaborados polo profesorado da materia.
- Presentacións de contidos en formato pdf que inclúen definicións, exemplos i exercicios elaborados coas ferramentas LaTeX – Beamer ou PowerPoint.
- Recursos da páxina: <http://profesor10demates.blogspot.com.es/>
- Recursos da páxina: <https://matematicascercanas.com/>
- Recursos da páxina: <http://www.apuntesmareaverde.org.es/>
- Xogos da páxina: <https://anagarciaazcarate.wordpress.com/>
- Xogos da páxina: <http://www.grupoalquerque.es/>
- Recursos colgados no apartado do departamento de matemáticas da páxina web do instituto.
- Test e xogo online elaborados con Kahoot.
- Materiais interactivos realizados con GeoGebra.

G. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

G.1. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Estableceranse as seguintes directrices:

- Existirán tres avaliacións ordinarias ao longo do curso (unha por trimestre) e unha extraordinaria (en setembro).
- Dentro de cada trimestre realizarase a avaliación dos estándares previstos (ver TÁBOA III). Se non fose posible cumprir os prazos temporais previstos, avaliarase sobre os aspectos parciais da materia que se teñan desenvolvido ata ese momento.
 - Empregaranse diferentes instrumentos na avaliación de cada avaliación, principalmente Exames e Traballo diario.

Debido á extraordinaria situación xerada pola pandemia do Covid, é necesario ter en conta escenarios nos que os alumnos se ven obrigados a faltar por situacións de illamento e corentena. No referente ao traballo diario, esta situación está tratada e analizada no apartado E desta programación. No referente aos exames, no caso de faltar un alumno, o exame realizarase cando regrese. De ser imposible a entrada do resultado na avaliación correspondente, o alumno será avaliado utilizando só os resultados previos, e o novo resultado será tido en conta para avaliacións posteriores e, por suposto, a avaliación final.

G.2. A CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN DO TRIMESTRE.

A cualificación obterase aplicando as porcentaxes indicadas na táboa III de cada estándar, da seguinte forma:

- Realización de dúas ou tres probas parciais por trimestre (PP) nas que se comprime, en cada unha, unha proporción axeitada dos contidos (en función da súa lonxitude, dificultade, coherencia...). A media aritmética destas probas suporá un 75% da nota en cada trimestre.
- Traballo diario, consistente en diversos items explicados previamente (TD). Esta nota é unha combinación do rendemento do alumno nos diferentes apartados (traballo na casa e na aula, atención e participación) e supón un 25% da nota en cada trimestre.

De esta forma, a nota final en cada avaliación calcúlase como segue:

$$\text{Nota final} = 0'75 \times \text{PP} + 0'25 \times \text{TD}$$

Esta nota final, con cifras decimais, debe convertirse no boletín nun número enteiro. Para facelo, truncharase o número nas unidades, salvo naqueles casos nos que a cifra das décimas sexa igual ou superior a sete, caso no que se redondeará á seguinte unidade.

Cando un alumno suspenda un exame, terá oportunidade de recuperalo mediante outro exame no comezo do seguinte trimestre (para o terceiro trimestre, a recuperación será nos días posteriores ao exame). Para aqueles que suspendan exame e recuperación, terán a última oportunidade de recuperación na semana final do curso académico. Os alumnos teñen a obriga de ter todos os trimestres aprobados ou recuperados para poder aprobar a materia en xuño.

A CUALIFICACIÓN FINAL do alumnado que supere a materia por trimestres será a media aritmética das avaliacións, combinado coa nota do traballo diario. Aquellos alumnos que non superaran a materia na avaliación ordinaria de xuño, terán que facer unha **PROBA EXTRAORDINARIA NAS DATAS DO 20-22 XUÑO DE 2022**. Esta proba axustarase ao grao mínimo de consecución dos estándares e será valorada pola profesora ou profesor do curso correspondente.

G.3. SEGUIMIENTO DOS ALUMNOS REPETIDORES

Dende o Departamento de Matemáticas somos conscientes da problemática que representan os alumnos repetidores (a estatística e porcentaxes indícanse no primeiro punto da programación). É por esa razón que os diferentes profesores tentaremos facer un seguimento dos que teñamos en cada unha das aulas, intentando motivalos e involucrando ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe.

G.4. CRITERIOS DE CORRECCIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Co obxecto de deixar claro dun modo axeitado o proceso de corrección seguido nos diferentes ítems que se poden atopar na materia, indícase a continuación unha táboa coas rúbricas:

RÚBRICAS	Deficiente	Suficiente	Ben	Excelente
Problemas	Fallos ou ausencia de plantexamento e/ou resolución do problema.	Realiza un plantexamento aceptable, inda que mellorable. A resolución é correcta, podendo presentar algún erro nas contas. A presentación mostra erros.	Realiza un plantexamento correcto, inda que se obvian as explicacións nalgún paso. A resolución é correcta, podendo presentar algún erro menor nas contas. A solución está indicada. A presentación é aceptable.	Realiza un plantexamento correcto, incluíndo explicacións para cada paso. A resolución é correcta e sin erros nas contas. A solución está indicada. A presentación é elegante e agradable a vista.
Exercicios e contas	Mostra erros en aspectos fundamentais sobradamente explicados na aula que conducen a un resultado final incorrecto.	Comete erros non básicos no algoritmo de resolución que levan a un resultado incorrecto. A presentación pode mellorar.	Obvia algún dos pasos do algoritmo de resolución, chegando en todo caso a un resultado correcto, que se indica claramente. A presentación pode mellorar.	Segue correctamente a serie de pasos que conducen a un resultado correcto, indicando a solución claramente. A presentación é impecable.
Resolución de problemas na pizarra	Non é capaz de seguir os pasos nin de enuncialos. Non entende o enunciado nin sabe interpretalo correctamente.	Expón os pasos seguidos con claridade, chegando á solución final, que pode ser errónea se se cometen erros non básicos no proceso..	Expón os pasos seguidos con claridade, chegando a solución final correcta, que se interpreta nun contexto real.	Expón os pasos seguidos con claridade, explicando cun vocabulario axeitado o proceso de pensamento seguido e chegando á solución final correcta, que se interpreta nun contexto real.
Traballos	Realiza un traballo cheo de carencias, con fallas nas conclusións, a análise dos datos e a interpretación dos resultados. As explicacións son inexistentes. A presentación é deficiente e caótica.	Realiza un traballo suficiente, coa presenza dun apartado de conclusións. Leva a cabo unha análise suficiente dos datos e interpreta os resultados. As explicacións son breves e os resultados. As explicacións son breves e os resultados. As explicacións son breves. A presentación é austera.	Realiza un traballo completo, coa presenza dos apartados esenciais, tales coma índice e conclusións. Leva a cabo unha análise suficiente dos datos e interpreta os resultados. As explicacións son breves. A presentación é axeitada.	Realiza un traballo completo, coa presenza dos apartados esenciais, tales coma índice e conclusións. Leva a cabo unha análise exhaustiva dos datos e interpreta os resultados. As explicacións son claras e concisas e levan apareladas gráficas que axudan a comprender os resultados. A presentación é axeitada.
Traballo diario	Non está atento na clase, e tampouco pregunta as dúbidas. Non realiza as tarefas cun mínimo de regularidade nin na aula nin na casa.	Mostra atención intermitente, é reacio a preguntar as dúbidas. Realiza as tarefas indicadas en a lo menos o 75% das ocasións.	Mostra atención intermitente, é reacio a preguntar as dúbidas. Realiza as tarefas de casa con dilixencia e regularidade.	Mostra atención continua, preguntando as dúbidas que xurden no proceso de ensino-aprendizaxe. Realiza as tarefas de casa con dilixencia e regularidade.
Preguntas teoría	Presenta fallos e carencias a todos os niveis, podendo incluso chegar a confundir conceptos.	Indica as categorías da clasificación olvidando algunha, utilizando explicacións sinxelas nas que faltan detalles. A presentación pode mellorar.	Indica as categorías da clasificación de modo comprensible, utilizando un vocabulario axeitado e explicacións sinxelas nas que faltan detalles. A presentación pode mellorar.	Indica as categorías da clasificación de modo comprensible, utilizando un vocabulario axeitado e explicacións sinxelas sen aforrar en detalles. A presentación é elegante e inclúe exemplos.
Caderno de traballo	Os contidos (apuntamentos, exemplos, exercicios) son escasos e ausentes. Mostra unha organización desastrosa. A presentación das unidades non é adecuada.	Presenta ausencia de contidos e conceptos necesarios para un completo entendemento da materia. A presentación do caderno é mellorable. A organización dos contidos é básica.	Inclúe a meirande parte dos exercicios, mostrando unha boa organización dos diferentes conceptos. A presentación é boa.	Mostra unha organización completa de todos os contidos estudados ao longo do curso (apuntamentos, exemplos, exercicios). A presentación das unidades é impecable.

Indícase a continuación as características principais que se poden atopar nos diferentes instrumentos de avaliación

EXAMES

Os exames versarán sobre os estándares descritos na táboa III. As preguntas terán unha puntuación proporcional ao peso dos estándares referidos. Cualificaranse entre 0-10 puntos.

Os exames estarán desglosados en preguntas de diferente tipoloxía. Cada cuestión incluírá a súa puntuación.

- **Preguntas curtas para desenvolver:** Valorarase a precisión, razoamento e grao de profundidade das respostas emitidas, así como a incorporación da nova terminoloxía da unidade. Asimesmo deberase coidar a ortografía.
- **Preguntas de razoar a veracidade ou falsidade de afirmacións:** para obter a puntuación deste tipo de preguntas é necesario explicalas, é dicir, se se considera que a resposta é verdadeira explicarse os motivos e, se se considera falsa, proporase un contraexemplo, indicarse a forma correcta o probarase a súa falsidade.
- **Problemas:** valorarase o procedemento seguido así como a explicación do mesmo. É necesario que a resposta estea correctamente redactada e explicada.
- **Exercicios de aplicación de algoritmos de cálculo:** valorarase a aplicación correcta dos algoritmos de cálculo así como todos os seus pasos.

REXISTRO DO TRABALLO NA AULA.

O alumno/a acadará a máxima puntuación prevista neste apartado se:

- a Realiza as tarefas que se lle encomendan.
- b Esfórzase por superar todas as súas dificultades.
- c Coopera e colabora cos seus compañeiros e compañeiras cando se traballa en equipo.
- d Realiza preguntas constructivas sobre a asignatura ou pregunta dúbidas en voz alta.
- e Trae diariamente os seu material á clase o que lle permite seguir con aproveitamento a sesión.

TRABALLOS INDIVIDUAIS:

Valorarase a correcta presentación, puntuación, redacción e ortografía. Nos problemas valorarase o procedemento seguido así como a explicación do mesmo. É necesario que a resposta esté correctamente redactada e explicada. Nos exercicios de aplicación de algoritmos de cálculo terase en conta a aplicación correcta do algoritmo así como todos os seus pasos. Nas preguntas curtas para desenvolver a precisión, razoamento e grao de

profundidade das respostas emitidas serán os factores fundamentais na obtención dunha boa calificación, así como a incorporación da nova terminoloxía da unidade. Asimesmo deberase coidar a ortografía. As preguntas de verdadeiro ou falso só serán puntuadas se hai un razoamento correcto que avale a resposta.

No momento no que se entregue o traballo facilitaráselle ao alumnado unha lista de cotexo para que saiba o que se lle vai avaliar no mesmo. Unha vez corrixido un traballo entregaráselle ao alumnado e daráselle unha semana de prazo para corrixir o seus erros e mellorar así a nota.

TRABALLOS GRUPO:

No caso no que se traballe en grupos se explicará a tarefa a realizar indicando os criterios de corrección da mesma. Os traballos en grupo non teñen previsión de realizarse neste curso académico debido a situación xenerada pola pandemia de Covid.

Se a actividade consiste en exercicios ou problemas utilizaranse os mesmos criterios de corrección que nos traballos individuais cunha listade cotexo.

Se son actividades de investigación, elaboración de presentacións ou infografías ou concurso de problemas no contexto real entregarase unha rúbrica.

H. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Propoñémonos ir mellorando aspectos relacionados co proceso de ensino e a práctica docente.

Estas propostas quedaron resumidas en tres puntos:

- a) Ir introducindo novas metodoloxías de traballo (traballar sen libro de texto fixo, uso de presentacións coma apuntes, ...).
- b) Mellora da atención á diversidade.
- c) Coordinación con outros departamentos

Concretámolas a través da seguinte táboa con Indicadores de logro:

INDICADOR	LOGRADO	NON LOGRADO
<i>1. Análise da evolución dos resultados obtidos polo grupo durante o curso escolar</i>	- A porcentaxe de suspensos mantense por debaixo do 30% ou ben, a porcentaxe de suspensos é maior ao 30% pero diminuíu significativamente respecto do inicio de curso.	- A porcentaxe de suspensos do grupo é maior ao 30% e non diminuíu significativamente respecto do inicio de curso
<i>2. Implicación dos membros do departamento</i>	Cumpríronse estes tres requisitos: - Existiu coordinación entre os profesores do departamento ao impartir contidos nun mesmo nivel, realizar actividades en común, comentar as dificultades atopadas, ...	Non se cumpriu un requisito.

	- Leváronse a cabo tarefas e proxectos no noso departamento - Realizáronse colaboracións con outros departamentos/dinamizacións/profesores/...	
<i>3. Opinión do alumnado sobre a práctica docente: cuestionario</i>	- Realizan o cuestionario todos os membros do departamento e coméntanse as opinións para ver en que aspectos introducir melloras da propia práctica educativa.	Non se realizan os cuestionarios nin se comentan as súas conclusións.
<i>4. Participación e motivación do alumnado</i>	Cumpríronse estes dous requisitos: - Os alumnos/as foron responsabilizándose da súa propia aprendizaxe, esforzándose e traballando cada vez de xeito máis autónomo - Houbo alumnado implicado nos concursos propostos, na Semana Matemática ou noutras das actividades do departamento.	Non se cumpriu o segundo requisito.
<i>5. Atención á diversidade</i>	- Reforzouse a coordinación co departamento de orientación. - O reforzo educativo por parte da profesora de pedagogía terapéutica realizouse dentro da aula. - Introducíronse novas metodoloxías que permitiron atender mellor a diversidade	Non se cumpriu un requisito.

I. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

As materias pendentes das que é responsable o Departamento de Matemáticas son:

- Matemáticas 1º da ESO
- Matemáticas 2º da ESO
- Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas 3º da ESO
- Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 3º da ESO

Dado que este apartado trata das pendentes, a programación de referencia en canto a contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación é a do Departamento de Matemáticas correspondente ao curso 2020-2021. Isto é lóxico, dado que foi o curso no que suspenderon os alumnos. Para a recuperación existen dous camiños ou modalidades, que se explican a continuación:

Modalidade ordinaria

A modalidade ordinaria baséase fundamentalmente na avaliación dun exame e na entrega e realización de tres boletíns de exercicios, correspondentes á división do temario e dos contidos en tres partes. O primeiro exame, na quenda de Febreiro. O segundo exame (se non se aproba na primeira quenda) no mes de Maio. Os boletíns son completos i exhaustivos, e os alumnos dispoñen de tempo abondo para a súa realización. Búscase a motivación do alumnado a través da insistencia no feito de que os contidos do exame son análogos aos contidos do boletín. Realízanse recordatorios regulares da necesidade de avanzar na resolución de exercicios do boletín. O profesor resolve as dúbidas que xurdan, xa

sexa na clase ou nos recreos, que se habilitan para tal fin. O criterio de cualificación en cada unha das quendas é:

Nota final = 60% Exame + 15% Boletín 1 + 15% Boletín 2 + 10% Boletín 3

De este xeito os exames son responsables dun 60% da nota, namentres que os boletíns de exercicios, que serán cualificados con nota de 0 a 10, son responsables do 40%. Búscase deste xeito motivar aos alumnos a través do traballo diario e continuo. Dado que a aplicación XADE tan só permite notas coma números enteiros na súa aplicación, a nota final redondearase nas unidades.

Para cada materia elaboraranse logo tres boletíns de exercicios correspondentes a unha partición axeitada do temario. A distribución dos contidos para os alumnos con materia pendente deslígase completamente da estrutura habitual por trimestres, o que permite que a carga de contidos non se solape coa propia dos contidos do curso actual. Os alumnos serán informados por escrito das datas límite de entrega

Naqueles casos nos que os alumnos non entreguen os boletíns ou non o fagan nas datas requeridas, os criterios de cualificación cambian co obxecto de darlle un maior valor ao exame (e menor aos boletíns), quedando como sigue:

Nota final = 70% Exame + 30% Boletíns

Modalidade extraordinaria

Os alumnos aprobarán as Matemáticas pendentes de cursos anteriores sempre e cando aproben a materia de Matemáticas nos dous primeiros trimestres do curso actual. De darse este caso, a nota final calcularase coma o promedio das notas obtidas en ámbolos dous trimestres, e os alumnos non terán obriga de presentarse ao segundo exame de pendentes. A razón de ser desta modalidade extraordinaria ten a súa base en que os conceptos estudados en dous cursos consecutivos son xeralmente bastante similares, cun cariz un tanto mais avanzado no curso actual con respecto ao da materia pendente. Exclúense desta metodoloxía aqueles alumnos cursando Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas en 4º da ESO que teñan pendentes as Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas en 3º da ESO (no curso 2021-22 non hai ninguén nesta situación). A razón é que neste caso non se cumpre a condición de analoxía nos contidos entre cursos consecutivos.

O número de alumnos con Matemáticas pendentes ven resumido no seguinte cadro:

1º ESO	2º ESO	3º ESO Académicas	3º ESO Aplicadas
8	5	1	1

O profesor responsable da aplicación destas medidas de pendentes é o xefe de departamento se ben os diferentes avisos realizaranse ocasionalmente a través das profesoras que imparten Matemáticas. As horas de atención aos alumnos son os recreos de calquera día da semana, previa cita establecida. O xefe de departamento ocuparase tamén do seguimento a través da corrección de boletíns e exames.

De suspender a avaliación final que se leva a cabo no mes de Maio de 2022, os alumnos con materia pendente suspensa deberán presentarse ao exame extraordinario con data entre o 20 e o 22 de Xuño. Esta proba abranguerá todos os contidos do curso e terá entre 7 e 12 preguntas, que serán cualificadas globalmente cunha nota entre 0 e 10.

J. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Realizarase unha avaliación Inicial que nos sirva como punto de partida para cada alumno ou alumna, tratando de xuntar información sobre os seus coñecementos matemáticos previos, a súa actitude cara ao estudo e a súa actitude dentro da clase. Para iso, empregaremos estes instrumentos, sempre que nos parezan necesarios:

- Realización dunha proba inicial ou cuestionario.
- Observación do seu nivel académico a través das tarefas iniciais sobre conceptos previos, en cada curso.
- Análise do expediente previo do alumno/a (ben directamente ou ben a través da información aportada polo Departamento de Orientación nas sesións de avaliación inicial de cada curso).

As posibles medidas a adoptar móstranse no seguinte punto da programación (Medidas de atención á diversidade).

K. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A través das medidas de atención á diversidade, tratarase de responder ás necesidades educativas concretas detectadas no alumnado e tamén á consecución tanto das competencias clave como dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

Imos traballar o apoio no grupo ordinario do alumno ou alumna, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, levaremos a cabo reforzos educativos en 1º e 2º da ESO, adaptacións significativas do currículo, e trataremos de prestar especial atención desde o principio aos alumnos repetidores e alumnos con carencias xa coñecidas. Procurase deseñar un plan de aprendizaxe personalizado para o alumnado con dificultades adaptando as diferentes actividades ao seu nivel e tipo de aprendizaxe.

L. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA (INCLUIRASE NESTE PUNTO AS CONTRIBUCIÓNS AO PLAN TIC, PLAN DE CONVIVENCIA, PROXECTO LECTOR, E TODOS OS OUTROS PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O INSTITUTO)

L.1. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA E ESCRITURA

Aparte de colaborar coa hora de lectura que se traballa no centro todos os cursos, tamén traballaremos no día a día da aula habilidades en relación á lectura, deste xeito:

a) Farase fincapé na comprensión lectora e na redacción correcta das solucións, tanto desde os propios enunciados dos exercicios e problemas matemáticos ou pequenas investigacións, como desde os distintos textos cotiáns que conteñan matemáticas.

b) Penalizaranse nos exames as faltas de ortografía.

L.2. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Para o traballo coas TIC, o noso departamento establece as seguintes liñas de actuación e actividades:

- En 1º e 2º de ESO o departamento está integrado no Proxecto EDIXGAL polo que se empregará a plataforma EVA de xeito habitual no desenvolvemento das aulas, e tamén a Aula Virtual do Centro.
- Realización de proxectos estatísticos empregando aplicacións informáticas axeitadas, con actividades de búsqueda de información previa.
- Sesións cos ordenadores, ou na aula de informática, para ilustrar e consolidar contidos impartidos ou para corrixir exercicios e problemas feitos en clase, empregando para iso ferramentas dixitais de tipo matemático e follas de cálculo.
- Emprego de Google Drive para o intercambio de documentos.
- Realización de presentacións e infografías dixitais da materia.
- Mostra de vídeos onde se propoñen e explican resolucións de problemas.
- Emprego da plataforma dixital de gamificación Kahoot.

L.3. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Desde o Departamento de Matemáticas acórdanse as seguintes medidas para contribuír á consecución dos obxectivos do plan de convivencia do centro:

- Lembrar nas nosas clases as normas de convivencia do centro así como aquelas do Réxime de Regulamento Interno, sempre que xurda algún problema e/ou se vexa axeitado.

- Insistir desde as nosas clases no respecto a todos os membros da comunidade educativa, ás actividades desenvoltas (escolares, extraescolares e complementarias), e aos materiais e recursos de que dispoñemos nas clases e no centro.
- Implicación activa na corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Formación en técnicas de resolución de conflitos.
- Favorecer a comunicación nas nosas clases, e a toma de decisións consensuadas por todos a través dunha metodoloxía participativa e actividades en pequenos grupos nas que deban tomar decisións en equipo (reparto de roles, organización e planificación do seu traballo, elección de temas a traballar polo grupo, ...), e exposición ao grande grupo dos resultados (traballarase así a escoita, o respecto ao traballo do outro, a valoración dun mesmo e dos compañeiros-as...)
- Deseño de actividades nas que se destaque a vertente social e humana das matemáticas: mulleres matemáticas, matemáticos galegos, etnomatemáticas (matemáticas arraigadas ao lugar xeográfico), datos matemáticos e estatísticos como ferramenta obxectiva para reflexionar sobre temáticas sociais e de convivencia: a igualdade entre sexos; coeducación; racismo; acoso escolar ou a igualdade de oportunidades.

L.4. PARTICIPACIÓN NO PROXECTO RÍOS

Na materia de Matemáticas, o Proxecto Ríos, dirixido polos Departamentos de Bioloxía e Física e Química, pretende traballar o bloque de números: cálculos de medidas, aproximación e redondeo, precisión e erros. En concreto, dentro da programación do Departamento para 4º ESO, desenvolverase o contido: *Cuantificar certos aspectos da realidade para interpretala mellor, empregando distintas clases de números mediante a realización de cálculos axeitados a cada situación* e os contidos: *Números racionais e irracionais. Números aproximados e notación científica*. Eses contidos serán aplicados ao estudo do leito do río Armenteira, o que queda máis próximo ao noso centro. Búscase fomentar no alumnado o respecto e coidado que merece o noso entorno natural, principalmente os ecosistemas fluviais.

M. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.

O departamento non ten previsto a realización de actividades extraescolares no curso 2021/22.

N. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓNS E MODIFICACIÓNS DA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Para avaliar e revisar a presente programación, empregaranse os seguintes procedementos:

- **Reunión mensual dos membros do departamento** de matemáticas, na que se analizará a evolución da programación e o seu cumprimento, e os problemas particulares que xurdan en cada aula/nivel.
- **Análise de resultados ao final de cada avaliación**, na que se compararán os resultados de Matemáticas de forma interdepartamental (outras materias na mesma aula/nivel) e de forma intradepartamental (materias de Matemáticas en diferentes niveis). As discrepancias serán tratadas mediante medidas de mellora no ámbito metodolóxico que serán indicadas na Memoria Trimestral.
- **Memoria da Programación** que se realiza a final de curso, na que se analiza o grao de cumprimento e se determinan os aspectos positivos e negativos da programación co obxecto de especificar e aplicar os cambios que se terán en conta en futuras versións da Programación Didáctica.

En Vilanova de Arousa, a 27 de setembro de 2021